

II SEMANA DE CUSTODIA DO TERRITORIO NAS MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO

## Custodia do territorio e apadriñamento: A implicación cidadá na conservación da natureza

XORNADA DE VOLUNTARIADO

DOMINGO 29 DE SETEMBRO

### **Limpeza simultánea dos ríos galegos**

Imos achegarnos ó río Mendo para participar na limpeza simultánea de ríos de toda Galicia que coordina o Proxecto Ríos. Iniciarémo-la limpeza na ponte das Moas (límite entre Coirós e Oza-Cesuras), para continua-la ruta pola beira do río até Roibeira (Betanzos) recollendo todo o lixo que atopemos. Iremos deixando as bolsas de lixo ó pé das pontes que crucemos, para que sexan recollidas posteriormente. Son 10 km nos que gozaremos dunha contorna natural que merece ser conservado en óptimas condicións: de feito, gran parte do percorrido forma parte do espazo natural protexido LIC Betanzos-Mandeo.

O punto de encontro será o ambulatorio de Betanzos ás 9:30. No caso de que se apunte xente suficiente, levaremos un autobús. De sermos poucos, organizarémonos con vehículos particulares. Os que queiran ir directamente, teñen que avisarnos de que van polos seus medios e esperarnos ás 10:00 na ponte das Moas. Para chegar alí hai que ir até Coirós pola N-VI; unha vez cruzada a autovía, coller á dereita cara a Lesa, e nesa aldea desviarse á esquerda para baixar ó río Mendo na ponte das Moas.

O traxecto non é dificultoso, pero é conveniente levar calzado e roupa axeitada para andar polo monte en función do tempo que faga. Leva unhas luvas de coiro ou de cociña. Para colle-lo lixo no leito do río pode ser útil levar botas de auga. Pensamos remata-la xornada ás 14:00 horas á altura de Roiberia e volver andando até o ambulatorio de Betanzos, distante 2 km.

A Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos contratará un seguro de accidentes para os voluntarios, polo que se precisan os teus datos con anterioridade (nome e apelidos, DNI, enderezo, móbil e correo electrónico). No caso de cancelar a túa participación, por favor, avísanos para non te esperar inutilmente e aforrar no seguro. Se téis algún tipo de problema de saúde que deba sabelo a organización, por favor, non te esquezas de informar previamente.

Fragas do Mandeo encárgase da organización o día da xornada. Apunta o seu teléfono: **981 105 903**. Ese día estará desviado ó móbil da persoa que coordina a xornada.